

Impulso dun ecosistema emprendedor na economía social

Concello de Santiago – Unión de Cooperativas EspazoCoop

Período de realización

Ano 2022

Lugar

- Concello de Santiago de Compostela
- Teleformación a través da
Aula Virtual de EspazoCoop

Coordinación

Unión de Cooperativas EspazoCoop
Telf: 981 57 55 78
www.espazo.coop

[Presentación]

A Unión de Cooperativas Galegas EspazoCoop e o Concello de Santiago de Compostela colaboran na posta en marcha do programa 'Impulso dun ecosistema emprendedor na economía social' que se desenvolverá durante o ano 2022, no marco de **Compostela Móvese 2022**, dando continuidade á colaboración iniciada en anos anteriores.

O programa achega propostas e actividades que buscan divulgar e favorecer o emprendemento en equipo, baixo o modelo empresarial cooperativo ou baixo outras formas de economía social entre persoas, profesionais e colectivos da área de Compostela.

Finalidade e obxectivos do programa:

- Impulsar un ecosistema emprendedor no cooperativismo e a economía social na contorna de Santiago de Compostela.
- Achegar ás persoas prescriptoras de emprego e emprendemento, das diferentes entidades e organizacións, as especificidades, características e vantaxes do emprendemento cooperativo e a economía social.
- Visibilizar e divulgar entre a poboación en xeral os modelos de empresas de Economía Social e o das Cooperativas en particular como fórmula de creación de emprego estable e de calidade, fixación da poboación, acceso das mulleres a postos de responsabilidade e limitación da fenda salarial, recuperación de empresas en crise, etc.
- Dar a coñecer a persoas en proceso de busca de emprego, interesadas en incorporarse ao mercado de traballo a través do emprendemento colectivo, o modelo

empresarial das cooperativas.

Formación

[Liña 1, Formación] ofrece 3 cursos en materia cooperativa: Por unha parte unha Formación para persoas prescriptoras de emprego e emprendemento. E por outra parte, un Itinerario Formativo composto por 2 cursos para persoas con interese no emprendemento colectivo.

Fomento do Cooperativismo de Consumo

[Liña 2, Fomento Cooperativismo de Consumo] que contempla a realización dunha Xornada divulgativa sobre Cooperativas de Consumo.

Tecendo Redes

[Liña 3, Tecendo Redes] con accións que pretenden xerar intercooperación, redes e alianzas, mediante a Xornada Tecendo Redes, e a realización de Visitas a organizacións e entidades de interese do Concello de Santiago para crear sinerxias de colaboración e traballo a favor do cooperativismo.

Roteiros Cooperativos

[Liña 4, Roteiros Cooperativos] desenvolvemento dunha Ruta na que visitar cooperativas coa finalidade de dar a coñecer e identificar cooperativas que están presentes, no día a día da cidadanía ao tempo que promocionar o modelo cooperativo, identificándoo con proxectos viables.

[Capacitación prescriptoras de emprego]

Esta liña ofrece un curso de tele-formación a persoas relacionadas profesionalmente coa creación de empresas e o emprendemento.

>> Destinatarias

Axentes e técnicas de emprego e orientación laboral; Axentes de desenvolvemento local e promoción económica; Persoal de asesorías, xestorías e consultorías; Persoal técnico de proxectos de emprendemento; Docentes de formación profesional, bacharelato, ou universidades; Outras profesionais e público interesado, vinculado co apoio da creación de empresas.

>> Curso de tele-formación

◆ Impulsando un ecosistema emprendedor no cooperativismo e a economía social

Do 13 de Maio ao 14 de Xuño de 2022 | 40 h.

>> Obxectivos

– Dar a coñecer a cooperativa ás persoas dinamizadoras de emprego e emprendemento, como ferramenta de creación de emprego inclusivo, estable e de calidade, de dinamización do tecido sociocomunitario e de fomento do equilibrio e da sustentabilidade territorial.

– Incorporar a empresa cooperativa en procesos de prescrición e recomendación, divulgativos, formativos, de acompañamento, de elaboración de normativa e axudas para a creación de novos proxectos de autoemprego.

>> Temario *`Impulsando un ecosistema emprendedor no cooperativismo e a economía social`*

1 | Análise de necesidades para o desenvolvemento dun ecosistema emprendedor no cooperativismo.

2 | Coñecendo as cooperativas: características diferenciadoras.

3 | Cooperativas e acceso ao financiamento privado e público.

4 | Proceso de constitución e maduración dun proxecto

cooperativo.

5 | Cando recomendar a cooperativa. Casos prácticos.

>> Metodoloxía

Aula Virtual: o curso desenvolverase na modalidade de tele-formación, na plataforma da Unión de Cooperativas Espazocoop www.aulaespazocoop.com.

Fai clic no: | [Programa](#) | | [Inscripción](#)

[Itinerario Formativo para a cidadanía]

A liña de formación á cidadanía ofrece un itinerario de **2 cursos en modalidade mixta** (tele-formación, con dúas sesións presenciais por curso), destinados a calquera interesada:

◆ A Cooperativa é para Nós?

Do 13 ao 30 de Xuño de 2022 | 40 h.

◆ As Persoas nas Cooperativas

Do 4 ao 22 de Xullo de 2022 | 40 h.

>> Obxectivos

Divulgar entre a cidadanía os modelos de empresas cooperativas e da economía social como vías de creación de autoemprego basados na xestión democrática e participativa.

>> Temario *`A Cooperativa é para Nós`*

1 | O emprendemento cooperativo.

2 | Características das empresas cooperativas.

3 | A organización cooperativa.

4 | Pasos para a constitución da cooperativa. Presentación dunha experiencia cooperativa.

Fai clic no | [Programa](#) | [Inscripción](#) |

>> Temario *`As Persoas nas Cooperativas`*

1 | Achegándonos ao xeito de traballar nunha cooperativa. Habilidades persoais e sociais.

2 | A comunicación.

- 3 | O traballo en equipo.
- 4 | A toma de decisións.

Fai clic no | Programa | [Inscripción](#) |

>> Metodoloxía

Aula Virtual: parte dos cursos do Itinerario desenvolveranse na modalidade de tele-formación, a través da plataforma da Unión de Cooperativas Espazocoop www.aulaespazocoop.com.

[Xornada Cooperativismo de Consumo]

Unha actividade dirixida a identificar e divulgar procesos de acceso a bens de consumo organizados colectivamente (vivenda, enerxía, alimentación, finanzas, etc.), así como a detectar novas posibilidades no ámbito do consumo que poidan ser dinamizadas.

Trátase dunha xornada para difundir o modelo cooperativo de consumo e as súas vantaxes, divulgar experiencias, e mostrar potencialidades para organizar o consumo cooperativamente.

◆ Xornada Cooperativismo de Consumo

22 de Setembro 2022 | 4 h. | En Santiago de Compostela

[Tecendo Redes]

Esta liña de traballo fomentará a xeración de intercooperación, creando unha **rede de colaboración** entre entidades que traballan no ámbito do emprendemento, desenvolvendo unha xornada técnica cun enfoque de networking e paralelamente realizar visitas e entrevistas

con organizacións prescriptoras para **favorecer o cooperativismo**.

◆ Xornada Tecendo Redes

28 de Xuño 2022 | 4 h. | En liña

Actividade destinada a persoas e entidades prescriptoras de emprego e emprendemento da área de Santiago de Compostela.

Ten a finalidade de presentar programas e recursos a favor do cooperativismo e a economía social e realizar networking de cara á implantación de liñas de colaboración mutuas.

◆ Visitas Tecendo Redes

De Maio a Setembro 2022 | En Santiago de Compostela

Visitas e entrevistas con entidades para formar parte activa no ecosistema de traballo a prol do cooperativismo e a economía social no Concello de Santiago de Compostela.

[Roteiros Cooperativos]

A través do desenvolvemento dunha Ruta para visitar cooperativas danse a coñecer exemplos reais de cooperativas que están presentes, no día a día da cidadanía ao tempo que promociona o modelo cooperativo, e mostra proxectos viables e activos.

◆ Roteiros Cooperativos

De Xuño a Setembro 2022 | 4 edicións | 3 h./Ruta | En Santiago de Compostela